

ROSALÍA DE CASTRO



Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón. Voltou, xa de moza, a Santiago a estudar música, arte e literatura e alí coñeceu a moitos escritores galegos.

Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos. Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro “Cantares Gallegos” era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma.

Para celebrar a publicación deste libro de poemas cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada 24 de febreiro lembramos que ese día foi o nacemento da nosa escritora máis importante: Rosalía de Castro.



CARICATURA DE ROSALÍA DE CASTRO REALIZADA POR D. PINTOR



CARICATURA DE MANUEL MURGUÍA, MARIDO DE ROSALÍA, REALIZADA POR SIRO LÓPEZ

1. Onde naceu a Rosalía de Castro?
2. Que día?
3. Onde pasou a súa infancia?
4. Con quen viviu en Padrón cando era unha nena?
5. Como se chamaba o seu marido?
6. En que cidade o coñeceu?
7. Cantos fillos tiveron?
8. Como se titula o primeiro libro de Rosalía escrito en galego?